



**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21830
Data envío: 14/03/2025 16:13:47,861

Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Julio Ernesto Abalde Alonso e María Elena Espinosa Mangana, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego.

O 21 de marzo do 2022, o entón presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, fixo públicas as recreacións visuais da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, CHUAC, e comprometeuse a que no 2025 estaría en pé o 80 % da nova infraestrutura.

Tres anos despois e xa chegado o ano 2025 vemos como existe unha demora evidente nos traballos deste equipamento sanitario e polo tanto un grave incumprimento nos prazos dados, o que suscita inquietude no conxunto da área sanitaria da Coruña.

Estamos a falar da maior infraestrutura sanitaria de Galicia que atende a unha área de máis de 550.00 habitantes e que é un centro de referencia nacional para algunhas especialidades. É evidente que se trata dun tema chave non só para a cidade da Coruña senón para a súa área de influencia así como para a xestión que ten que pilotar o Sergas.

O Concello da Coruña tiña sempre como prioridade nos seus obxectivos o deseño do plan director do mesmo que estaba rematado xa en 1998. Finalmente en marzo de 2022, asinouse o convenio mencionado onde se comprometían máis de 430 millóns de euros por parte da Xunta de Galicia para levar a cabo as obras. Pola súa banda, o Concello da Coruña comprometíase cos fondos pactados, 22 millóns de euros, que se desembolsarán na medida en





que se presenten a certificación de obra referida aos accesos viarios. A realidade é que a día de hoxe só se certificaron 547.000 euros dun total de 22 millóns de euros que o concello da Coruña ten dispoñibles para axudar a financiar esta actuación, e non foi posible desembolsalos porque non se executaron as obras en tempo e forma.

Ao alarmante retraso do que calquera cidadán pode ser testemuña súmaselle a preocupación que xorde entre os propios facultativos. Segundo veñen de manifestar dende o Colexio Oficial de Médicos da Coruña este retraso nas obras de seguir co ritmo actual, podería alargarse até dentro de 10 anos, o que podería afectar á excelencia profesional do Complexo Sanitario da Coruña que ten que seguir mantendo na provisionalidade espazos e dotacións que a día de hoxe o fan estar á vangarda da medicina.

Ven con preocupación que se teñan que adiar novas incorporacións e novas áreas de investigación e coñecemento ata o momento en que estea rematado o novo CHUAC, e pregúntanse como afrontar entón todo este tempo que falta xa que a día de hoxe o retraso é evidente.

Ante esta emerxencia no eido da construción sanitaria, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son os motivos polos que as obras do novo CHUAC teñen un retraso evidente de alo menos tres anos?
2. Cal é o novo calendario para afrontar as obras e a posta en funcionamento do novo CHUAC?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21830
Data envío: 14/03/2025 16:13:47.861

3. Que solucións ten previstas a Consellería de Sanidade para resolver as necesidades de espazo asociados aos proxectos de investigación e innovación sanitaria do CHUAC durante o tempo que duren as obras?
4. Ten previsto a Consellería de Sanidade un plan de actuación para que o incremento de pacientes previsto poida ser atendido mentres sigan as obras do novo CHUAC?

Santiago de Compostela, a 14 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 14/03/2025 16:10:56

Julio Abalde Alonso na data 14/03/2025 16:11:06

Elena Espinosa Mangana na data 14/03/2025 16:11:16

